

ACCIÓN PROMOCIONAL

MERCADO DE ABASTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Acción colaborativa de promoción gastronómica



12 - 19 setembro (17 pechado)



9 a 15h.



Mercado de Abastos, Santiago de Compostela

Acción 1 | Posto Gastronómico + Showcooking

As empresas participantes estarán presentes nos **postos 156, 157 e 158 da Nave 6 do Mercado de Abastos** baixo una campaña de promoción colaborativa de produtos cunha reclamo publicitario inclusivo (deseñárase unha campaña promocional e *merchandising*, exclusivos para esta e futuras accións promocionais organizadas por Clusaga).

Durante a semana de funcionamento, persoal formado sobre cada un dos produtos ofrecerá degustacións e catas, así como agasallo de material específico da promoción conxunta (tote bag, díptico informativo, receptor e mostras de produto) para entregar ao público (HORECA e visitantes/turistas).

O **xoves 14 de setembro** celebrarase un **showcooking** cun cociñeiro de renome da cidade, que elaborará un par de receitas cos produtos participantes e aos que ademais estarán convocados produtores, medios especializados e representantes institucionais e da hostalaría da cidade.

As persoas que participen nas catas ou degustacións, segundo condicións a determinar, terán a posibilidade de entrar nun **sorteo de experiencias de turismo industrial** (só aberto ás empresas socias de Clusaga participantes e con condicións de ser visitables).

Acción 2 | Espazo de marca*

A **Aula-cociña do Mercado de Abastos** poderá ser alugada e reservada polas empresas participantes na Acción 1, coa fin de dispor dun espazo individual de marca ao que convocar a clientes ou consumidores para desenvolver accións promocionais diferenciadas.

En quendas de 2 horas, de 10 a 12 ou de 12 a 14h, as empresas poderán realizar as accións promocionais que estimen, aproveitando as instalacións dentro do Mercado para chegar a un maior número de profesionais de HORECA ou turistas/consumidores finais.

*Só se poderán realizar accións os días 13, 15, 16 e 18 de setembro.

Máis información

✉ insights@clusaga.org

☎ 881 04 36 87

MANIFESTACIÓN DE INTERESE

MERCADO DE ABASTOS | COMPOSTELA

OUTRAS COLABORACIÓNS

Promoverase a participación activa na Acción 1 dos restaurantes da Nave 5 (nave dedicada integramente a hostalaría), así como do resto de postos do Mercado, a través de actividades coma o cociñado de produtos e promoción desde os restaurantes, posibles ofertas especiais nos postos de venda de produtos participantes, etc.

COMO PARTICIPAR

Pódese participar nas 2 Accións de xeito diferenciado, sendo obrigatoria a **Acción 1** (900€ + IVE) e opcional a **Acción 2** (250€ + IVE). A inclusión na listaxe de empresas visitables para o sorteo das experiencias de turismo industrial é opcional. A execución das accións está suxeita a acadar un número mínimo de participantes que garantan a súa viabilidade (mínimo 9 empresas). O prazo para cubrir esta primeira Manifestación de Interese remata o 28 de xullo ás 15h. Máis información en insights@clusaga.org o en el teléfono 881 04 36 87.